

TEMA 8.2. A ARTE BARROCA EN GALICIA

AS OBRAS OBXECTO DE ESTUDO para a ABAU

1. *Domingos de Andrade*: Torre do Reloxo da Catedral de Santiago.
2. *Fernando de Casas*: Fachada do Obradoiro.
3. *Simón Rodríguez*: Fachada de Santa Clara de Santiago.

A ARQUITECTURA BARROCA EN ESPAÑA. O BARROCO COMPOSTELÁN

1. Torre do reloxo da Catedral de Santiago

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Torre do reloxo da Catedral de Santiago de Compostela
- **LOCALIZACIÓN:** Santiago de Compostela, Galicia, España.
- **AUTOR:** DOMINGOS DE ANDRADE (Cee, A Coruña 1639 - Santiago de Compostela 1712)
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Arquitectura relixiosa, e tamén simbólica e propagandística.
- **ESTILO:** *BARROCO galego..*
- **CRONOLOXÍA:** 1667-1680; segundo terzo do s. XVII.
- **COMITENTE:** O cabido da catedral encárgalle a remodelación da antiga torre gótica do sueste da catedral (entre as prazas de Praterías e da Quintana).
- **DIMENSIONÍS:** 72 m de altura.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Granito galego. Perpiaño.
- **CARACTERÍZASE:** sobre a base da torre medieval preexistente (a Berenguela), levanta os últimos corpos; as proporcións proban o dominio técnico e estético. Andrade levanta unha torre de corpos prismáticos superpostos de orixe italiana; engadiu elementos tradicionais decorativos.
- **OUTRAS OBRAS DO BARROCO GALEGO:** Fachada do Obradorio da Catedral de Santiago; Fachada do convento de Santa Clara Santiago de Compostela.

CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

(para as 3 obras)

O BARROCO GALEGO alcanza as cotas máximas na P.I. no **s. XVIII**, tanto pola calidade coma pola cantidade de obras; é unha época esplendorosa na arte galega.

O epicentro é Santiago.

A **ARQUITECTURA** BARROCA GALEGA:

- Segue unha evolución na que deixa o superfluo, para centralo todo no **xenométrico**, no espacial.
- Introduce o **baleiro activo**, usando planos colocados en diferentes posicións que xeran unha discontinuidade de superficies e formas abertas, buscando **efectos de profundidade**.
- **Fachadas escenográficas**, valórase a **fachada-pano**, cuxa finalidade será pechar espazos ou prazas e embelecer a cidade, conseguir as máis belas perspectivas: voadas cornixas, as descomunais chemineas e os desproporcionados campanarios.
- O FUNDAMENTAL será a masa, o **granito** dominando a ARQUITECTURA (barroco de placas).

A cidade de Santiago buscaba no BARROCO unha saída á súa imaxe gastada e decadente en choque coa aínda non esquecida condición de gran centro de peregrinación. Atopará diversas solucións con ANDRADE.

- O CABILDO CATEDRALICIO, aproveitando os fondos dos Votos de Santiago (doazón anual desde 1643) e diversas doazóns, poñerá en mans deste artista, mestre de obras da basílica desde 1676, as máis significativas iniciativas de transformación da deteriorada imaxe do contorno catedralicio.

O AUTOR

ANDRADE é, con FERNANDO CASAS NOVOA, o gran mestre da ARQUITECTURA BARROCA en Galicia. Sobresae o seu labor na cidade de Santiago e a súa CATEDRAL.

A obra mestra de Domingos de Andrade é a TORRE DO RELOXO, entre as prazas DE AS PRATERÍAS E A QUINTANA.

- Parte da base medieval, gótica, promovida no S. XIV polo arcebispo Berenguel de Landoria (polo que recibe o nome: *A Berenguela*).
- O resultado será unha **estrutura estilizada** con **decoración de variados motivos xacobeos**.

Obra desenvolvida entre 1667-80, unha obra de madurez de Domingos de Andrade.

- 72 metros de altura.
- Levántase sobre un corpo cuadrangular preexistente ao que Andrade engade unhas bandas verticais, como contrafortes que chegan até o entaboamento que engade para soste a cornixa e balaustrada, onde inicia o seguinte corpo a construír.
- Diminución decrecente e gradual dos perfís:
 - A transición entre a base da torre e o primeiro corpo engadido faise mediante fornelos angulares.
 - A gradación é máis sutil no 2º corpo octogonal e franqueado tamén por fornelos de estrutura máis aérea que os de abaixo.
 - Complétase no remate coa cúpula lixeiramente acebolada coroada por unha lixeira lanterna circular

- Arredor do 1º corpo cuadrangular hai unha balaustrada que nos catro ángulos abraza fornelos circulares, cubertos por unha cupuliña con pináculo, e 8 vans rectangulares entre pilastras con decoración vexetal.
- En cada unha das caras do corpo da torre e superpostas á balaustrada as enormes esferas do reloxo, caladas e encadradas por unha **decoración fantástica e vexetal**.
 - Apóíase cada esfera nunha enorme carantamaula da que arrinca a decoración vexetal con enormes volutas recortadas.
- Diversa decoración vexetal ou militar repítese nas xambas, ou entre as pilastras.
- No 2º corpo superior, repítese a balaustrada e fornelos e por riba, nun corpo octogonal, unha cúpula bulbosa, a ornamentación vexetal serve de asento a unha lanterna con pilastras recubertas de froitos que enmarcan 8 vans.
- No cumio un estilizado pináculo con bóla e cruz.

Integrada no urbanismo:

- É unha torre de estética airosa pola ornamentación, emprazamento e perspectiva de diversos puntos para contemplar ao completo: Rúa do Villar, praza das Praterías, etc.
- Complementos da torre, no lado da PRAZA DA QUINTANA, son as FACHADAS do peche das ábsidas da catedral e en especial o Pórtico Real da Quintana, que harmoniza e contrasta na súa horizontalidade coa verticalidade da torre.
 - Este pórtico situado na cabeceira da catedral dá acceso ao interior polo cruceiro. Na portada destacan 4 columnas dóricas de orde xigante, apoiadas en pedestais refundidos que abarcan os 2 corpos.
 - O PÓRTICO REAL da QUINTANA é do s. XVII, dentro do BARROCO ESPAÑOL. O autor é José PENA DEL TORO.

A torre do reloxó da catedral de Santiago Inspiraría numerosas réplicas en Galicia:
Poio-Pontevedra, Bastabales, Rianxo, A Coruña, etc.

2. Fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago
- **LOCALIZACIÓN:** Santiago de Compostela, Galicia, España.
- **AUTOR:** *FERNANDO DE CASAS NOVOA*
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Arquitectura relixiosa, e tamén simbólica e propagandística.
- **ESTILO:** *BARROCO galego..*
- **CRONOLOXÍA:** 1667-1680; segundo terzo do s. XVII.
- **COMITENTE:** o cabido da catedral, o 14 de xaneiro de 1738, acorda comezar a remodelación da fachada occidental da catedral, na praza do Obradoiro, polo estado de ruína e facer a outra torre para igualar coa que existía, a das Campás
- **DIMENSIÓNS:** Dúas torres de 74 metros de altura. A da Carraca á esquerda e a das Campás á dereita.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Granito galego. Perpiaño.
- **CARACTERÍZASE:** fachada normanda ou en H, con 2 torres nos extremos e corpo central de 3 pisos e 3 rúas, as laterais son a metade da central. Con tendencia á verticalidade. A fachada é a pantalla da obra románica, deixándonos ver as súas 3 naves polas 3 portas da zona central.

- **OUTRAS OBRAS DO BARROCO GALEGO:** Torre do reloxo da Catedral de Santiago de Domingos de Andrade; Fachada do convento de Santa Clara Santiago de Compostela.

ANÁLISE

O Arquitecto Casas Novoa traballou na catedral de Lugo, na capela do Pilar da Catedral de Santiago, no convento de Orfas de Santiago e no das Capuchinas da Coruña, entre moitas obras.

En 1738 recibe o encargo de remodelar a fachada do Obradoiro da catedral compostelá, na que estará a traballar até a súa morte en 1749; a obra é rematada por Ferro Caaveiro e Fernández Sarela.

O seu nome provén da presenza de talleres (obradoiros) de canteiros que durante a construción da Catedral situábanse aos seus pés.

- **Fúndese a decoración vexetal do BARROCO do S.XVII co gusto xeométrico do S.XVIII.**
- S. XVII: preocupa a reforma da FACHADA.
- s. XVIII: En 1738, o cabido acorda comezar a obra polo estado de ruína e facer a outra torre para igualar coa que existía, a das Campás, que fixeran no S. XVII José Peña de Toro e Domingo de Andrade.
- Encargan o proxecto ao arquitecto Casas Novoa, respectando o que non se podía tocar: A Torre das Campás e o gran corpo de reforzo do S XVI e outros dous que se lle engadiron no S. XVII.
- Problemas a solventar:
 - Combinar os elementos existentes, conxugándoos harmonicamente cos sentimentos artísticos do momento. Ahí o mérito de Casas.

- Iguala a altura das dúas torres e entre elas constrúe unha fachada barroca cunha espectacular combinación de granito e vidro.
- Organiza a fachada como o **gran arco de triunfo** por onde entran os peregrinos que viñan a se prostrar ante o Apóstolo. Este arco estaría enmarcado polas torres a semellanza de 2 grandes columnas, cun gran sentido ascensional.
- Resolver a iluminación do interior do edificio románico oculto coa nova fachada.
 - Na parte central, ou *espello*, empréganse grandes ventás con vidreiras, que disimula o máis posible. Con tan enorme área de vidro, Casas establece unha articulación de soporte á ventá, un dos maiores vidros de xanela anteriores á Revolución industrial.
 - As liñas verticais do panel do espello combinan coas liñas verticais das torres, imprimindo a todo o conxunto sentido vertical e de ascensionalidade característico de Casas; os pináculos o acentúa.
- O CORPO CENTRAL:
 - Divídese por un acusado entaboamento en dous niveis e remátase coa espadana de estrutura piramidal ou triangular que crea **efecto de verticalidade**.
 - Divídese en tres rúas mediante columnas xigantes de orde corintia e fuste estriado que sobresaen do muro contribuindo a crear **claroscuro** e tamén **dinamismo**.
 - Usa a forma cóncava para conectar a parte central e as laterais. Desta forma esquiva o ríxido corte en ángulo, o que afearía a composición, e imprímelle movemento.

- Estes corpos curvos van decorados por dous colosais volutas sobre as que se desenvolven unha serie de trofeos militares harmonicamente entrelazados, como cascos, coseletes, bandeiras, etc.
- Rematando o espello unha especie de espadana calada, a maneira dun transparente ou peite, onde se recorta a figura de Santiago peregrino, que preside este conxunto rítmico.
 - Por el distribúense unha serie de esculturas talladas por diversos artistas, algunhas delas, seguindo as indicacións de Fernando de Casas, debían ir policromadas.
- A HORNACINA está horadada de bóveda de medio canón; acolle ao APÓSTOLO SANTIAGO peregrino. Encima un FRONTÓN CURVO PARTIDO.
 - Rodean á hornacina anxos co símbolo da Orde de Santiago.
 - Debaixo dúas hornacinas con discípulos do apóstolo; no centro unha urna , recordo do sepulcro, rodeada de anxos , e unha estrela, símbolo das luminarias que sinalaron o lugar no que estaba enterrado o apóstolo. *Campus stellae* (campo de estrelas).

Espadaña: parede elevada sobre a fachada, que serve de campanario.

Este fronte é o exemplar máis representativo de fachada escenográfica, de fachada-pano, e con ela chega o barroco en Galicia ao seu máximo triunfo.

3. Fachada do Convento de Santa Clara de Santiago de Compostela

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Fachada do Convento de Santa Clara.
- **LOCALIZACIÓN:** Santiago de Compostela, Galicia, España.
- **AUTOR:** *Simón RODRÍGUEZ.*
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Arquitectura relixiosa, e tamén simbólica e propagandística.
- **ESTILO:** BARROCO galego. ou compostelán. Barroco de Placas.
- **CRONOLOXÍA:** 1719; primeiro terzo do s. XVIII.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Granito galego, tallado en perpiaño e placas.
- **CARACTERÍZASE:** ornamentación da fachada con placas de granito; o artista logrou combinar os elementos máis destacados da estética barroca: os xogos de luces e sombras que achegan as grandes placas graníticas, a dicotomía entre espazos abertos e pechados que outorgan teatralidade á fachada así como a inestabilidade lograda a partir do retranqueamento dos corpos.
- **OUTRAS OBRAS DO BARROCO GALEGO:** *Torre do reloxo da Catedral de Santiago de Domingos de Andrade; Fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago de Compostela.*

ANÁLISE

O santiagués Simón Rodríguez introduce o estilo "**barroco de placas**" caracterizado na ornamentación das fachadas con grandes placas pétreas de granito, estilo de placas, a modo de decoración nas fachadas, que xeran efectos lumínicos.

- Creará un tipo de torre-campanario de gran influxo posterior en toda Galicia.
- Construída en 1719 é a fachada da portería do convento de Sta. Clara de Santiago, dálle unha fama inmediata pola orixinalidade e perfecta adecuación aos postulados barrocos:
 - Carácter escenográfico.
 - Inestabilidade.
 - Fachada-pano, etc.
- A fachada retranquéase respecto ao muro do convento para conseguir un efecto sorpresa no espectador.
 - É unha auténtica **fachada-pano** xa que non se corresponde coa igrexa senón que conduce ao vestíbulo e ao pequeno xardín no que, moito máis atrasada, atópase a igrexa.
- Fachada encadrada por 2 xigantescas pilastras, que a percorren pola cornixa, divídese en 3 rúas e 3 corpos.
 - A decoración, na rúa central, aumenta progresivamente nas partes altas.
- Na rúa central e 1º corpo baixo está a porta, enmarcada por un groso baquetón, como orellas; continúan as placas recortadas como pezas de marquería.
- No 2º corpo, sobre a porta, 2 nichos:
 - O inferior rectangular e cegado.
 - O superior, de medio punto, introdúcese no frontón partido.

- A hornacina acolle a imaxe da Santa titular (Sta. Clara), que sostén nas mans o *viril* e o báculo abacial; por detrás dela hai unha xanela, a maneira de transparente, solución moi barroca.

Viril: Caixa de cristal bordeada con ouro que encerra a forma consagrada e colócase na custodia para a exposición do Santísimo, ou que garda reliquias e colócase nun relicario.

- O 2º corpo remátao unha voadísima cornixa, moi crebada, con cortes profundos, que rompe para acoller ao escudo de San Francisco coas 5 chagas.
- A cornixa continúaase por un frontón curvo, similar ao anterior, pero moito máis saínte. Sobre o robusto frontón os colosais cilindros que producen sensación extraordinaria de movemento e inestabilidade.
- As rúas laterais son sinxelas.
 - No 1º corpo, a cada lado, unha cartela ou placa de dobre plano e sobre elas un ovalo ou elipse, rimando coas partes altas.
 - No seguinte corpo as xanelas enmarcadas; xogando en simetría coa rúa central como eixo.
- A fachada, por estar atrasada en relación ao muro do convento, goza dun espazo diante aproveitado para construír a dobre escalinata de tres tramos que dá acceso á porta.
- MATERIAL: todo feito en pedra, tanto a balaustrada como os pedestais repiten varios motivos de placas ou círculos similares aos do fronte.

Na fachada obsérvase:

1. O non uso da orde clásica de columnas
2. Sen decoración vexetal.
3. Tendencia a levar os grandes volumes ás partes altas.

O artista saca o máximo partido á pedra, ao duro e áspero granito co uso de elementos xeométricos en formas rectangulares ou circulares, para conseguir calidades no rudo material.

Consegue producir efectos de luz e sombra coa alternancia de van e macizo. A sensación de inestabilidade conséguese cos volumes e as masas á parte superior, coas voadas cornixas e grandes placas.